



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**MESA DE FORMACIÓN CONTINUA**

Hoxe tivemos a reunión da Mesa de Formación Continua onde se analizou polo miúdo tanto o grado de execución dos distintos cursos como as propostas da parte social, xa encamiñadas desde a reunión de finais do ano pasado.

Hubo a presentación dun novo responsable de Formación Continua, que chega con ganas de recoller as suxestións que vimos facendo desde sempre e, sobre todo, levalas a cabo.

Por iso este novo plan cambia totalmente a dinámica que coñecemos ata agora de cómo se está levando a cabo a formación:

- Os cursos do Plan de Formación Continua estarán sempre abertos. Haberá un prazo para anotarse pero eses cursos estarán disponibles sempre. Haberá por tanto posibilidade de visualizar ou descargar os contidos con posterioridade ao remate dos cursos. Non será por tanto unha convocatoria pechada senón dinámica
- Os **cursos de promoción interna** tamén estarán abertos todo o ano, actualizando o material e cunha tutorización. Establécese tamén a posibilidade dunha formación mais intensiva cando queden tres meses para o exame, en específico para o persoal que demostre un seguimento do curso, mediante videoconferencia cos tutores. Esas tutorías estarían despois accesibles para os que leven a preparación con máis calma e non se vaian presentar nesa convocatoria
- Todos os cursos terán o seu certificado de aproveitamento
- Simplificarase a enquisa de satisfaccións, con valoracións do 1 ao 10
- Establecerase unha enquisa dirixida ao persoal das súas necesidades de formación, para ir elaborando os sucesivos plans formativos
- Haberá un melloras na publicidade dos cursos de formación, de tal xeito que chegue a todo o mundo e non quede sin formación aquel que poida estar interesado.

Na nosa quenda comentamos diversas cuestións:

- Solicitamos a **descentralización tanto das probas selectivas coma dos cursos selectivos**. Tamén pedimos unha maior flexibilidade nos cursos do Instituto de Estudos Fiscais, nos que poden facerse módulos a distancia para ter en conta aos que teñen dificultades por conciliación ou outro motivo.



Confederación Intersindical Galega

- Pedimos **formación específica para o persoal de atención ao público**, pois moitas veces son formados polos seus propios compañeiros.
- Insitimos en cursos para a **área de Vixilancia Aduaneira**: inglés marítimo, conducción evasiva, escoitas, documentación e detención de vehículos, formación en primeiros auxilios, así como de armas e tiro.
- Preguntamos polos curso de Operador de Escáner para V.A.
- Pedimos que compute a totalidade do tempo empregado en formación, así como os desprazamentos, xa que sempre se penaliza aos das pequenas Administracións.
- Pedimos que se facilite o material de Promoción interna tamén a través da Oficina Virtual Externa e igualdade de condicións para o persoal embarcado de Aduanas.
- Solicitamos tamén cursos de galego e idiomas.
- Comentamos tamén que se debe modificar a “rixidez” respecto ás probas para superar determinados cursos, nos que moitas veces se fixa un día e hora determinado, momento no que pode ser algún participante, pola razón que sexa, non poida facelo quedando, por tanto, sen o certificado acreditativo da superación do curso.
- Pedimos tamén unha mellora no curso de xestións de emocións, así como que se inclúa a prevención do acoso laboral nos cursos de formación.

A AEAT tomou nota das nosas peticións, vemos unha mellora sustancial no xeito de plantexar a Formación Continua.

Como sempre, pensamos que a vosa opinión é importante, por iso estamos abertos a escoitar as vosas peticións.